

Faro *da* Cultura

A mentira, paridora da Historia

O Número Cero de Umberto Eco

JOAQUIM VENTURA

Poderíamos cualificar á recente novela de Umberto Eco, *Número Cero* (Lumen), como pequena –se consideramos o texto– pero grande e chea polos resultados. A maneira de destilación da súa longa experiencia de análise semiótica, constitúe unha amena maneira de aprender o que debería ser o xornalismo. Se é que cabe ese ideal de prensa obxectiva e sen sometemento a intereses económicos ou ideolóxicos.

A trama é sinxela: un importante empresario pensa en fundar un xornal que quedará limitado a diversos “números cero”, proxecto suficiente para influír no estado de ánimo e de comportamento doutros potentados. O xornalista elixido para dirixilo contrata a un redactor “negro”, capaz de dar estilo aos textos que conformarán os exemplares de proba. Este redactor é Colonna, que actúa de narrador. Un dos xornalistas –ben pagado, como os demais– ten a teima conspiranoica: o home que, capturado polos partisanos, foi fusilado, aldraxado e exposto publicamente pendurado da marquesiña dunha estación de servizo milanesa, non foi Benito Mussolini senón un sosias.

Unha clase maxistral sobre o que non debe ser a manipulación informativa

Nesta novela temos unha clase maxistral sobre o que non debe ser a manipulación informativa –circunstancia común nos noso días– e, en troques, o que tería de constituír unha contraguía do xornalista contemporáneo. Sinalemos, a maneira de mostra, que ten de saber introducir opinións camufladas como feitos ou proclamar o acceso a fontes non oficiais, en tanto en canto a insinuación xa constitúe unha manipulación.

Unha das sospeitas que Eco deixa caer é se a prensa –cando acepta simplemente as versións oficiais en troques de investigar– tamén está a construír una Historia falsificada. Tal vez non por acción pero si por omisión intere-



O escritor e profesor italiano Umberto Eco.



O cadáver de Mussolini exposto en Milán (1945).

sada. E o semiólogo non sitúa casualmente a acción en 1992, cando a conspiración político-corrupción coñecida como Tanxentopole puxo en risco a viabilidade da mesma Re-

pública Italiana. Unha conspiración que enlazaba co escándalo da loxia masónica irregular Propaganda 2, as finanzas vaticanas e máis a morte de Aldo Moro na “estratexia do terror”.

E aínda máis no fondo, como unha néboa, a trama Gladio, organización secreta vinculada á OTAN que recrutou antigos fascistas e militares anticomunistas. Unha trama que propiciou diversas matanzas (na Oktoberfest en 1980; nun centro comercial de Bélxica en 1985) que se engadía á que houbo en 1980.

Pero para nós, hai un dato que cita Eco e que pode sorprendenos: os pistoleiros que interviron en Montejurra (1976) e no despacho de avogados de Atocha (1977) actuaron por conta de Gladio. Daquela, que dixo a prensa española? Xa non digo cando sucederon os feitos, vixente aínda a censura de prensa, senón cando a democracia estaba


O lector fica abraiado diante da aparente senrazón dos atentados

instalada. Apenas houbo regreso sobre os pasos do que foron as versións oficiais: aqueles que resultaron culpables, foron condenados como se se tratase dunha acción illada. Que, non o esquezamos, tivo lugar na mesma

semana na cal os GRAPOs secuestraron ao xeneral Villaescusa e a Oriol y Urquijo, liberados o mesmo día polo supercomisario Conesa.

Pero o que deixa abraiado ao lector –especialmente se se trata dun lector informado, capaz de considerar os urdidos– é a aparente ausencia de razóns para eses –e tantos outros– atentados: que razóns terían os dirixentes de Gladio para atentar contra os avogados de Atocha? A prensa española seguiu a aceptar a versión oficial (confirmada polas sentencias contra os autores) sen chiar. *Il Messaggero* publicou en 1984 a conexión cun fascista italiano vinculado a Gladio, tese confirmada oficialmente polo goberno de Roma en 1990.

Como sostíña a película de Francesco Rosi *Cadaveri* –cun espléndido Lino Ventura– (1975) á fronte, “a verdade non sempre é revolucionaria”, contradicindo a Antonio Gramsci.



Aldo Moro durante o secuestro (1978).



FOTO: ELI REGUEIRA

ARTE: DESEÑO NA OFICINA DO SÉCULO XX / PÁX. III

ENTREVISTA CO ESCRITOR MIGUEL ÁNGEL ALONSO DIZ / PÁX. V

ESCENA: ENCOMIO DO TEATRO COMUNITARIO / PÁX. VIII